

5.4

desenvolvemento

políticas de

desenvolvemento rexional

rexional

6 estudo das políticas de desenvolvemento rexional estrutúrase en varios apartados. Na primeira parte faise fincapé nos plans estratéxicos de desenvolvemento rexional de Galicia. De seguido, descríbense os instrumentos de desenvolvemento rexional da Unión Europea e os do Estado, para analizar despois os investimentos territorializados das administracións públicas. As últimas partes do punto están adicadas ó estudo dos indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria e de contabilidade rexional, antes de aborda-la análise deses indicadores en termos de desenvolvemento humano e calidade de vida.

Plans estratéxicos de desenvolvemento rexional de Galicia

• **O PDR e o PEDEGA 2000-2006.-**

O 9 de agosto, A Mesa Específica de Cooperación do CES de Galicia evacuou o informe requerido pola normativa europea sobre o Plan

de Desenvolvemento Rexional (PDR) 2000-2006, considerándose positivo o compromiso de continuar coa información previa, seguimento e avaliación da execución dos Programas Operativos competencia da Xunta de Galicia a través de dita Mesa de Cooperación.

No **cadro 5.4.1.** reflíctese a previsión de gastos do PDR de Galicia e do Estado en Galicia para o período 2000-2006.

O importe dos gastos previstos do PDR 2000-2006 correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia distribúese en distintos eixes de actuación, que se resumen no **cadro 5.4.2.**

Posteriormente, o 15 de outubro de 1999, o CES de Galicia dictaminou o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia, que contén a política socioeconómica da Xunta de Galicia para o período 2000-2006 (PEDEGA 2000-2006) e que inclúe, no seu tomo III, a for-

CADRO 5.4.1.

Previsións de gastos do PDR 2000-2006 en Galicia

ESTADO	Importe per cápita	CC.AA	Importe per cápita	TOTAL XERAL	Total per cápita
(millóns de ptas.)	(en ptas.)	(millóns de ptas.)	(en ptas.)	(millóns de ptas.)	(ptas.)
1.685.211	614.453	1.785.304	650.948	3.470.515	1.265.400

Fonte: PEDEGA

mulación da estratexia operativa por eixes do PDR 2000-2006. O 26 de outubro de 1999 o Parlamento de Galicia aprobou o Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia.

A relación cuantitativa entre o PDR e o PEDEGA amósase no **cadro 5.4.3.**:

Os **fin**s do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia son os seguintes:

- O aumento do emprego de calidade, tratando de recupera-la importancia do emprego como fin último das políticas económicas, na liña das estratexias a favor do emprego actualmente en marcha.

- A elevación do nivel de calidade de vida dos galegos, harmonizando eses niveis entre os distintos segmentos de poboación e nos diversos espazos territoriais de Galicia.

- Asegurar o desenvolvemento sostido da base productiva rexional, o que implica unha estratexia axustada ás potencialidades específicas de Galicia.

No diagnóstico dos cinco **problemas** prioritarios, mantense os detectados no Plan Económico e Social de Galicia 1993-1996:

- Situación xeográfica periférica con problemas de accesibilidade.

- Poboación envellecida, con formación débil e cunha limitada capacidade para emprender e innovar.

- Base empresarial moi atomizada.

- Estructura productiva excesivamente dependente de actividades primarias de carácter tradicional.

- Reducido nivel de articulación productiva.

Os programas integrados no marco comunitario de apoio (MCA 1994-1999) trataban de afrontar-los ditos problemas a través dos seguintes **obxectivos finais**:

- Mellora-la accesibilidade e a articulación do territorio así como as dotacións de infraestructuras máis ligadas á base productiva.

- Mellora-la calidade de vida da poboación residente (infraestructuras de carácter social).

- Promove-la sostibilidade do proceso de desenvolvemento (coidado medioambiental).

- Apoia-lo crecemento da base productiva, cunha estratexia baseada na calidade dos produtos e na exportación.

- Mellora-la cualificación dos recursos humanos e a capacidade de innovación e anima-lo desenvolvemento dunha cultura empresarial e urbana.

Ó longo dos últimos anos, mellorou a accesibilidade, por autovía, tanto coa meseta como no interior e queda pendente a mellora da accesibilidade por ferrocarril no interior, na comunicación con Portugal e a conexión coa meseta.

Co obxectivo permanente de creación de emprego estable mediante o equilibrio entre un crecemento económico sostible e un crecemento da calidade de vida e da protección social financiábel, os obxectivos finais e intermedios do PEDEGA 2000-2006 mantén os obxectivos

CADRO 5.4.2.

Gastos previstos do PDR 2000-2006										
	00-06	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	(en millóns de pesetas)	
EIXES PDR 00-06/millóns ptas.										
1.- Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido productivo	259.757	32.209	33.307	34.456	36.852	38.307	41.048	43.579		
2.- Sociedade de coñecemento (Innovación, I+D, Sociedade da Información) e Telecomunicacións	145.212	16.744	17.729	18.561	20.407	21.675	23.608	26.488		
3.- Medio ambiente, contorno natural e recursos hídricos	217.229	26.836	28.730	29.798	30.702	31.803	33.624	35.736		
4.- Desenvolvemento dos recursos humanos, empregabilidade e igualdade de oportunidades	375.054	46.905	51.148	52.101	52.772	54.687	57.471	59.970		
5.- Desenvolvemento local e urbano	76.079	5.359	6.044	7.761	9.821	12.430	15.657	19.007		
6.- Redes de transporte e enerxía	286.194	34.078	37.114	39.693	41.463	45.127	44.139	44.581		
7.- Agricultura e desenvolvemento rural	189.794	22.448	23.290	24.512	26.506	28.433	31.485	33.119		
8.- Estructuras pesqueiras e acuicultura	65.602	8.496	8.736	8.996	9.280	9.607	10.030	10.447		
9.- Turismo e patrimonio cultural	40.243	4.056	4.491	4.859	5.238	5.832	7.232	8.534		
10.- Construción e equipamentos colectivos e de benestar social	128.733	19.333	18.746	18.398	18.312	18.075	18.102	17.766		
11.- Asistencia técnica, seguimento e información	1.408	170	178	187	197	208	225	242		
Total PDR	1.785.304	216.635	229.514	239.321	251.562	266.183	282.621	299.469		

Fonte: PEDEGA

CADRO 5.4.3.

PEDEGA 2000/2006 - PEDEGA/PDR

(en millóns de pesetas)

Total PDR	1.785.304
Gastos en materia de vivenda	128.447
Gastos en materia de cultura	34.312
TOTAL PEDEGA	1.948.063

Fonte: PEDEGA

CADRO 5.4.4.

Cadro financeiro indicativo por ámbitos e obxectivos finais do PEDEGA 2000-2006

1. Potencia-la competitividade do tecido productivo	555.666,9
1.A. Potencia-los factores básicos de competitividade do tecido productivo	103.904,3
1.B. Potencia-la competitividade do núcleo productivo de Galicia	451.762,9
2. Potencia-la calidade e competitividade do territorio	627.220,3
2.A. Mellora-la accesibilidade do territorio	336.246,8
2.B. Aumenta-la proxección territorial do desenvolvemento	130.457,9
2.C. Valoriza-lo medio ambiente	160.515,6
3. Potencia-lo capital humano	763.768,8
3.A. Potencia-los factores básicos que determinan a calidade do capital humano	312.813,1
3.B. Aumenta-las dotacións de recursos do coñecemento e potencia-la empregabilidade	450.955,7
4. Aumenta-la eficacia e a eficiencia do marco institucional e operativo	1.407,5
4.A. Mellora-los mecanismos de articulación institucional	1.407,5
4.B. Potencia-los mecanismos de difusión, seguimento e avaliación do PEDEGA	1.407,5
PEDEGA	1.948.063,5

Fonte: Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia

CADRO 5.4.5.

PEDEGA 2000/2006 : capítulos orzamento

(en millóns de pesetas)

Gastos de capital	1.595.945
Gastos correntes	295.618
Empresas públicas	56.500
TOTAL PEDEGA	1.948.063

Fonte: PEDEGA

anteriores, engadindo o aumento da eficacia e a eficiencia do marco institucional e operativo coa finalidade de mellorar a “confianza” e a “urxencia” das actuacións.

O cadro financeiro indicativo por ámbitos e obxectivos finais do PEDEGA 2000-2006 resúmese no **cadro 5.4.4.** Os 1.948.063,5 millóns de pesetas distribúense entre gastos de capital e gastos correntes do xeito amosado no **cadro 5.4.5.**

A través deste esquema central de ámbitos e obxectivos finais, o PEDEGA define obxecti-

vos intermedios e as posibles medidas para lle dar contido operativo á proposta estratexia de desenvolvemento económico. O **esquema 5.4.1.** sintetiza a relación entre obxectivos intermedios e os plans de referencia das medidas.

Instrumentos de desenvolvemento rexional da Unión Europea

En 1998, os pagos do **Feder** a favor da Comunidade Autónoma de Galicia (Obxectivo 1) ascenderon a 20.409,9 millóns de pesetas, segundo datos da Dirección General de Análisis

ESQUEMA 5.4.1.

Obxectivos intermedios	Plans de referencia das medidas
1.B.1.- Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo agrogandeiro	Medidas estratéxicas dos sectores productivos
1.B.2.- Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo da madeira	Plan forestal de Galicia (en proceso de revisión)
1.B.3.- Potencia-lo desenvolvemento integrado do complexo mar-industria	Plan sectorial da pesca 2000-2006
2.A.1.- Conecta-las estradas de alta capacidade coas áreas metropolitanas e o interior de Galicia	Plan de Estradas de Galicia 1997-2007
2.A.3.- Moderniza-lo ferrocarril	Plan quinquenal do Mº Fomento 1998-2002 Plan Renfe 1999-2003 Plan Feve 2000-2004 Programa conxunto Fomento/Renfe 2000-2006
2.A.9.- Mellora-la accesibilidade ós recursos hídricos	Plan hidrolóxico Galicia/Costa Plans hidrográficos de concas intercomunitarias
2.C.1.- Preserva-la calidade das augas	Plan de saneamento da C.A. de Galicia
2.C.2.- Reduci-lo volume de residuos e mellora-los sistemas de tratamento	Plan de RSU Plan de residuos industriais Plan de tratamento dos residuos agrícolas e gandeiros Plan de residuos perigosos e solos contaminados Plan enerxético de Galicia
2.C.4.- Potencia-lo uso de enerxías renovables e a eficiencia enerxética	Plan de vivenda do Estado
3.A.3.- Facilita-lo acceso á vivenda e mellora-las súas condicións de habitabilidade	Plan galego de IDT e Innovación
3.B.2.- Aumenta-la capacidade de innovación de Galicia e conectala co tecido productivo	Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego 1998-2001
3.B.3.- Mellora-la cualificación da poboación activa	III Plan de igualdade das mulleres galegas 1998-2001
3.B.4.- Mellora-lo funcionamento do mercado de traballo e impulsa-la igualdade de oportunidades	

y Programación Presupuestaria do Ministerio de Economía y Hacienda.

A súa distribución por axentes investidores foi a seguinte: 3.314,9 millóns de pesetas corresponderon á Administración do Estado; 9.999,9 millóns de pesetas, á Comunidade Autónoma; 3.250,6 millóns de pesetas á Administración Local; 2.726,3 millóns de pesetas corresponderon ás empresas públicas; 278,8 millóns de pesetas, a outros axentes; e pendentes de aplicación, 839,9 millóns de pesetas.

Os ditos pagamentos supuxeron o 8,02% dos efectuados ás Comunidades Autónomas, Obxectivo I, e o 4,3% do total cobrado.

A contribución financeira do **Feoga-Orientación**, no sector agrario, en 1998, por aplicación dos recursos a 31/12/1998, segundo o MAPA, elevouse a 9.338,0 millóns de pesetas: 2.300 millóns de ptas. de axudas directas; 6.995 millóns de ptas. en axudas indirectas; e 42,1 millóns de ptas. de iniciativas e do programa Proder.

A dita contribución financeira supuxo o 12% do total aplicado polas Comunidades Autónomas e o 7,05% do total dos fondos, incluíndo os pendentes de aplicación.

A contribución financeira do **IFOP** no sector pesqueiro en 1998, por aplicación dos

CADRO 5.4.6.

Situación financeira dos instrumentos de Política Rexional da UE 1998

Instrumento financeiro	Concepto	Importe (en millóns de pesetas)	G/E (%)
FEDER	Pagos percibidos 1998	20.409,95	4,3
FEOGA-Orientación	Aplicación de recursos a 31/12/98	9.338,00	7,1
IFOP	Aplicación de recursos a 31/12/98	22.856,10	12,8
FSE	Axudas concedidas	17.977,50	5,5
Fondo de Cohesión	Pagos recibidos 1998	9.801,20	5,0

Fonte: Dirección General de Análisis y Programación Presupuestaria.

recursos a 31/12/98, ascendeu a 22.856,1 millóns de pesetas (13.518,1 millóns de pesetas por axudas directas), o que supuxo o 20,13% do total aplicado polas Comunidades Autónomas e o 12,8% do total dos fondos incluíndo os pendentes de aplicación.

As axudas do Fondo Social Europeo (FSE) en 1998 ascenderon a 17.977,5 millóns de pesetas e o número de persoas beneficiarias foi de 103.162. No reparto deses fondos, o marco plurirrexional correspondéronlle 12.106,8 millóns de ptas. e á Comunidade Autónoma, 5.870,7 millóns de ptas., o que supuxo o 7,77 do total das zonas obxectivo I e o 5,5% do total dos fondos.

Os pagos do **Fondo de Cohesión** recibidos pola C.A. de Galicia en 1998 ascenderon a 9.801,2 millóns de pesetas. A Administración Estatal obtivo 4.018,3 millóns de ptas. e a Administración Autonómica, 3.098 millóns de ptas., o que supuxo o 4,97% do total dos pagos recibidos durante ese ano.

Estes pagos resúmense no **cadro 5.4.6.**

Instrumentos de desenvolvemento rexional do Estado

A política rexional do Estado concrétese a través do Fondo de Compensación Interterritorial

(FCI), os fondos económicos rexionais, o programa de cooperación económica local e mailas transferencias do Estado ás entidades locais.

• O Fondo de Compensación Interterritorial.-

Dentro dos recursos procedentes dos presupostos xerais do Estado á Comunidade Autónoma, a política rexional do Estado se financia a través do Fondo de Compensación Interterritorial, que foi para Galicia en 1998 de 24.540,4 millóns de pesetas. A participación relativa de Galicia no dito fondo foi do 18,01%.

• Incentivos económicos rexionais.-

Segundo os datos da Dirección Xeral de Análise e Programación Presupostaria do Ministerio de Economía e Facenda en 1998, Galicia, con 53 proxectos por un total de 45.000 millóns de pesetas de investimento subvencionable, conseguiu unha subvención aprobada de 8.146 millóns de pesetas, o que supón o 18,1% sobre o investimento subvencionable. A dita cifra superou a media das comunidades autónomas incluídas neste sistema, que foi do 17,7%. (Galicia polo sistema de incentivos rexionais pode chegar ata o 50% do investimento subvencionable, por considerarse un territorio do Tipo I). Os mentados proxectos consideraban a creación de 1.042 postos de traballo e o mantemento doutros 10.224 empregos.

• **Programa de Cooperación Económica Local da Administración do Estado.-**

Dentro do Programa de Cooperación Económica Local de 1997, as Corporacións galegas executaron a 30/06/99 2.145,1 millóns de pesetas correspondentes as subvencións do Ministerio das Administracións Públicas, o que supón un 90,68% das subvencións aprobadas e un 90,84% das subvencións contratadas. A dita cantidade supón o 13,28% do total executado a dita data.

Do Programa de Cooperación Económica Local de 1998 a 30/06/99, as Corporacións galegas executaron 1.053,64 millóns de pesetas das subvencións do Ministerio das Administracións Públicas, o que significa o 39,98% das subvencións aprobadas e o 40,03% das subvencións contratadas. A dita cantidade supón o 17,3% do total executado a dita data.

• **Transferencias do Estado ás entidades locais (distintas do Ministerio de Administracións Públicas).-**

En 1997, Galicia recibiu do capítulo IV do Presuposto Xeral do Estado 3.366 millóns de pesetas e do capítulo VII 452,5 millóns de ptas., o que supuxo un 3,36% e un 2,45% do total das transferencias do Estado ás entidades locais.

Os presupostos totais consolidados das Entidades Locais e da Comunidade Autónoma acadaron os 1.040.396,23 millóns de pesetas., un 7,14% do total dos presupostos de gastos consolidados das CC.AA. e Entidades Locais en 1998, segundo a Dirección Xeral para a Administración Local do MAP.

Os investimentos territorializados das administracións públicas

O investimento real da Administración do Estado, incluído nos Presupostos Xerais do Estado de 1998, acadou unha porcentaxe territorializable do 72,82% do total (3,6 puntos

menos que no anterior exercicio), mentres o 19,5% figura dentro da modalidade non rexionalizable e o 7,68% corresponde á modalidade de investimento no exterior.

Galicia recibiu da Administración do Estado (Estado, Organismos Autónomos e Entes Públicos), segundo os Presupostos Xerais do Estado para 1997, un volume de investimento público real territorializable de 51.466,6 millóns de ptas., o que supón o 6,76% do total rexionalizado e o 4,93% do total do Estado (2,86 puntos menos que no exercicio anterior) (**cadro 5.4.7.**).

Segundo a Secretaría de Estado para las Administraciones Territoriales, os datos da evolución do investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas (presupostos iniciais) en 1998, 1999 e durante o período 1996-1999, correspondentes a investimento civil, excluídos gastos de defensa e os dos organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, para que a comparación poda realizarse en termos homoxéneos, foron os que recolle o **cadro 5.4.8.**

Cómpre destacar que, en 1999, tódolos axentes das administracións públicas incrementaron o seu investimento público real territorializado en Galicia. Os Concellos pasaron de 44,5 miles de millóns de pesetas en 1998 a 49,4 miles de millóns de pesetas en 1999; as Deputacións pasaron de 13,9 miles de millóns de pesetas en 1998 a 16,8 miles de millóns de pesetas en 1999; a Comunidade Autónoma pasou de 96 miles de millóns de pesetas en 1998 a 98,4 miles de millóns de pesetas en 1999; e o Estado pasou de 43,3 miles de millóns de pesetas en 1997 a 49,6 miles de millóns de pesetas en 1999.

A participación dos distintos axentes das administracións públicas no gastos correspondentes a investimento civil durante o período 1996-1999 reflicten a seguinte situación: a

CADRO 5.4.7.

Investimento público do Estado, organismos autónomos e entes públicos nas CC.AA. 1998

	Importe	C.A./Total
	(en millóns de pesetas)	(%)
Andalucía	92.556,40	8,86
Aragón	32.181,10	3,08
Asturias	21.200,20	2,03
Baleares	7.966,30	0,76
Canarias	33.148,20	3,17
Cantabria	11.819,80	1,13
Castela e León	88.481,70	8,47
Castela - A Mancha	41.390,20	3,96
Cataluña	42.986,90	4,11
Extremadura	17.586,60	1,68
Galicia	51.466,60	4,93
Madrid	197.856,60	18,94
Murcia	38.843,40	3,72
Navarra	4.505,10	0,43
País Vasco	13.536,30	1,30
Rioxa	6.598,90	0,63
C. Valenciana	50.732,90	4,86
Ceuta	3.762,60	0,36
Melilla	4.181,80	0,40
Total territorializado	760.801,60	72,82
No territorializado	203.740,40	19,50
Exterior	80.240,00	7,68
Total	1.044.782,00	100,00

Fonte: Ministerio de Administraciones Públicas, Informe Económico-Financiero de las Administraciones Territoriales. Presupuestos Generales del Estado para 1998

CADRO 5.4.8.

Investimento público real territorializado por axentes das administracións públicas 1998-99 (1): presupostos iniciais

(en miles de millóns de pesetas)

1998					
	Entidades locais		C.A.	Estado (2)	Total
	Concellos	Deputacións			
Total	44,5	13,9	96,0	43,3	197,7
(%)	22,5	7,0	48,6	21,9	100,0
1999					
	Entidades locais		C.A.	Estado (2)	Total
	Concellos	Deputacións			
Total	49,4	16,8	98,4	49,6	214,2
(%)	23,1	7,8	45,9	23,1	100,0
1996-1999					
	Entidades locais		C.A.	Estado (2)	Total
	Concellos	Deputacións			
Total	171,6	50,4	374,5	172,8	769,3
(%)	22,3	6,5	48,7	22,5	100,0

1) cada axente comprenden soamente á Admon. centralizada e OO.AA., excepto no caso dos Concellos que soamente se refiren á súa Admon. centralizada

(2) non inclúen gastos de defensa

Fonte: Secretaría de Estado para las Administraciones Territoriales

CADRO 5.4.9.

Recadación dos principais impostos estatais 1997-99

(en miles de millóns de pesetas)

1997						
	IRPF	Sociedades	IVA	Imp. especiais	Tráfico exterior	Total
Galicia	228,9	81,4	137,1	14,9	6,0	468,3
Estado	5.544,2	2.099,9	3.999,6	2.069,7	112,2	13.825,6
G/E (%)	4,13	3,88	3,43	0,72	5,36	3,39
1998						
	IRPF	Sociedades	IVA	Imp. especiais	Tráfico exterior	Total
Galicia (1)	232,3	86,0	150,8	15,6	7,4	492,1
Estado	4.989,1	2.322,4	4.363,5	2.389,8	132,2	14.197,0
G/E (%)	4,66	3,70	3,46	0,65	5,60	3,47
1999						
	IRPF	Sociedades	IVA	Imp. especiais	Tráfico exterior	Total
Galicia	233,8	106,4	192,9	18,4	7,8	564,3
Estado	5.108,7	2.435,1	5.113,1	2.566,3	144,2	15.840,7
G/E (%)	4,58	4,37	3,77	0,72	5,41	3,56

(1) datos provisionais

Fonte: *Agencia Estatal de Administración Tributaria*

Comunidade Autónoma participou cun 48,7%; os Concellos, cun 22,3%; o Estado, cun 22,5%; e as Deputacións, cun 6,5%.

des en 1999 foi de 106,4 miles de millóns de pesetas, cunha taxa de incremento respecto de 1998 do 23,7%.

Indicadores económicos de Galicia en termos de recadación tributaria

A recadación tributaria de 1998 e 1999, extractada nas principais figuras impositivas, recóllese no **cadro 5.4.9**.

A recadación líquida total en Galicia en 1999 foi de 564,3 miles de millóns de pesetas. Este importe representa sobre o acadado no ano 1998 un incremento nominal de 72,2 miles de millóns de pesetas que, en termos relativos, supón un incremento do 14,6%.

En Galicia a recadación líquida do IRPF aumentou os seus ingresos en 1999, en termos nominais, nun 0,64%, acadando os 233,8 miles de millóns de pesetas.

A recadación do Imposto sobre Socieda-

A recadación do IVE en 1999 foi de 192,9 miles de millóns de pesetas, cunha taxa de variación do 27,9% respecto ó ano anterior.

Analizando a orixe da recadación territorializada de Galicia dos ingresos e o destino á Comunidade Autónoma dos gastos afectados por cada Administración se obtendría o **saldo fiscal** (gastos directos e transferencias menos ingresos públicos xerados no territorio) que, de resultar positivo, supoñería unha transferencia de recursos non financeiros recadados noutras rexións españolas ou europeas.

Indicadores económicos de Galicia en termos de contabilidade rexional

No **cadro 5.4.10**, refléxase a evolución dos indicadores de Galicia e España en termos de Contabilidade Rexional 1995-1996 (últimos

CADRO 5.4.10.

Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 1995-96

	Galicia		España		Galicia / España
	1995 (3)	1996 (4)	1995 (3)	1996 (4)	
	(en millóns de pesetas)				(%)
VEB p.m.	3.710.025	3.930.659	65.709.020	69.201.508	5,65
Impostos ligados á produción	302.156	336.568	3.449.258	3.657.495	8,76
Subvencións á explotación	137.866	134.787	2.199.647	2.140.321	6,27
VEB c.f.	3.545.735	3.728.878	64.459.409	67.684.334	5,50
Remuneración de asalariados	1.771.612	1.855.723	32.346.089	34.024.958	5,45
Excedente bruto de explotación	1.774.123	1.873.155	32.113.320	33.659.376	5,52
Renda bruta disponible dos fogares	2.908.744	-	49.340.135	-	5,90
Consumo final dos fogares	2.678.975	2.815.016	43.331.814	45.669.457	6,18
Consumo final pto. alimenticios, bebidas e tabaco (1)	549.624	585.308	8.866.317	9.179.674	6,20
Consumo final das familias sobre o territorio económico	2.671.005	2.805.945	45.945.424	48.554.271	5,81
Poboación de dereito (2)	2.726,7	2.723,8	39.209,7	39.270,5	6,95
Emprego total (ocupados) (2)	962,5	970,0	12.758,2	12.945,6	7,54
Emprego asalariados (2)	581,2	586,3	9.526,1	9.658,0	6,10
Paro (2)	196,1	208,1	3.583,5	3.559,8	5,47

(1) incluído o consumo final dos fogares

(2) en miles de persoas

(3) datos provisionais

(4) avance

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España

CADRO 5.4.11.

Indicadores económicos de Galicia e España en termos de contabilidade rexional 1995-96

	unidade de medida	período de referencia	Galicia	España
Producción				
PIB a prezos de mercado/hab.	(España=100)	1996	79,8	100
Renda bruta disponible/hab.	(España=100)	1995	84,8	100
VEB a prezos de mercado				
Agricultura			7,6	3,5
Industria	(%)	1996	25,1	23,6
Construcción			9,0	7,8
Servicios			58,4	65,1
Productividade do traballo				
VEB pm/ocupado			75,8	100
Agricultura			55,7	100
Industria	(España=100)	1996	106,9	100
Construcción			85,0	100
Servicios			83,2	100
Variación media anual do VEB pm/ocupado				
Agricultura			8,5	6,5
Industria	(%)	1991-96	9,6	6,5
Construcción			7,4	6,3
Servicios			7,2	5,4
			6,9	5,8
Estructura sectorial do emprego				
Agricultura			19,8	8,0
Industria	(% sobre o total dos ocupados)	1998	17,7	20,5
Construcción			10,7	9,9
Servicios			51,8	61,6

Fonte: INE, Contabilidad Regional de España, serie 1991-1996 (base 1986); Encuesta de Población Activa

datos disponibles). Destaca a evolución positiva da participación do VEB c.f. de Galicia respecto o VEB c.f. de España e a evolución negativa dos datos de consumo e emprego respecto ó Estado.

A renda bruta disponible dos fogares acada o 5,90% respecto a España no ano 1995, superior ó VEB c.f., que acadou o 5,50%.

A avaliación da contribución de cada factor da produción ó comportamento da economía, a eficacia productiva e a competitividade da rexión, reflíctese nos datos da produtividade do traballo (cadro 5.4.11.).

Na diminución das diferencias interrexionais é fundamental o comportamento financeiro das Administracións Territoriais en Galicia favorecendo a converxencia real en termos de renda e benestar social. O compromiso entre equidade e eficacia debe reduci-las disparida-

des interrexionais acercándollas o nivel de renda e benestar social das rexións comunitarias máis desenvolvidas.

O interese do comportamento financeiro das Administracións Territoriais en Galicia, e o impacto dos diferentes instrumentos de Política Rexional da Unión Europea e do Estado en Galicia, xustifica remiti-la análise correspondente o ano 1998, ó dispoñer como fonte do *Informe Anual Económico Financeiro das Administracións Territoriais do Ministerio de Administracións Públicas*, publicado en novembro de 1999.

Indicadores económicos de Galicia en termos de desenvolvemento humano e calidade de vida

O **Índice de Desenvolvemento Humano** (IDH), proposto polas Nacións Unidas, intenta

CADRO 5.4.12.

Índice de Desenvolvemento Humano nas CC.AA. 1995

	Índice de esperanza de vida	Nivel educacional	Nivel de vida	Índice de Desenvolvemento Humano
Andalucía	0,866	0,825	0,753	0,814
Aragón	0,895	0,851	0,825	0,857
Asturias	0,873	0,901	0,789	0,854
Baleares	0,870	0,828	0,853	0,850
Canarias	0,873	0,846	0,790	0,836
Cantabria	0,886	0,864	0,800	0,850
Castela e León	0,907	0,861	0,794	0,854
Castela- A Mancha	0,891	0,817	0,772	0,827
Cataluña	0,888	0,839	0,842	0,856
C. Valenciana	0,872	0,830	0,801	0,834
Extremadura	0,882	0,816	0,739	0,813
Galicia	0,881	0,855	0,765	0,834
Madrid	0,900	0,852	0,843	0,865
Murcia	0,875	0,834	0,782	0,831
Navarra	0,900	0,838	0,833	0,857
País Vasco	0,885	0,873	0,830	0,863
A Ríoxa	0,891	0,865	0,823	0,860
Ceuta e Melilla	0,838	0,771	0,785	0,798
Total	0,883	0,842	0,804	0,843

Fonte: Somarriba, N. e López, A.J. *Desarrollo humano y calidad de vida: aproximación para las regiones españolas* (XIV Reunión Asepelt-España, junio de 2000)

capta-las dimensións básicas de desenvolvemento humano: vivir unha longa vida, ter unha boa educación e disfrutar dun nivel de vida digno. Estas tres dimensións do desenvolvemento son aproximadas a través de tres indicadores básicos: a lonxevidade medida en función da esperanza de vida á nacer, o logro educacional, aproximado en función dunha combinación da taxa de alfabetización de adultos e da taxa bruta de matriculación, e o nivel de vida, cuantificado polo PIB per cápita.

O dito índice proporciona unha visión rexional máis ampla que a asociada o ingreso per cápita, considerando o ingreso como un medio para o desenvolvemento humano, no como un fin. O Índice de Desenvolvemento Humano das Nacións Unidas ten a súa orixe na necesidade de aproxima-los niveis de desenvolvemento humano, permitindo comparacións ó longo do tempo e do espazo, sen grandes requirements de información.

Coa metodoloxía anterior e con referencia a 1995, (Universidade de Oviedo; N. Somarri-

ba Arechavala e A.J. López Menéndez), calculáronse os Índices de Desenvolvemento Humano a nivel rexional. No **cadro 5.4.12.** aparecen os IDH das comunidades autónomas e os seus compoñentes. Galicia ocupa o posto número 12 no conxunto das comunidades autónomas, cun Índice de Desenvolvemento Humano do 0,834, que a sitúa dentro do que as Nacións Unidas considera un nivel de desenvolvemento humano alto.

O **Índice de Pobreza Humana** (IPH) é unha medida multidimensional da pobreza, que reúne nun índice composto a privación en catro dimensións básicas da vida humana: privación en materia de lonxevidade (porcentaxe de persoas que se estima que non sobrevivirán ata a idade de 60 anos), privación de coñecementos (porcentaxe de adultos que son funcionalmente analfabetos con arreglo á definición da OCDE), privación dun nivel digno de vida (porcentaxe de persoas que viven por debaixo do límite de pobreza, fixado no 50% da mediana do ingreso persoal dispoñible) e privación relativa á exclusión social (medida pola taxa de desemprego a

CADRO 5.4.13.

Índice de Pobreza Humana nas CC.AA. 1995

	Privación en materia de longevidade (1)	Privación de coñecemento (2)	Nivel de vida (3)	Exclusión (4)	Índice de Pobreza Humana
Andalucía	0,104	0,061	0,337	0,169	0,223
Aragón	0,119	0,018	0,203	0,089	0,139
Asturias	0,117	0,010	0,226	0,135	0,158
Baleares	0,117	0,027	0,270	0,061	0,175
Canarias	0,109	0,043	0,314	0,116	0,204
Cantabria	0,103	0,007	0,201	0,132	0,142
Castela e León	0,099	0,014	0,191	0,111	0,132
Castela- A Mancha	0,108	0,061	0,232	0,085	0,154
Cataluña	0,108	0,023	0,226	0,113	0,153
C. Valenciana	0,105	0,030	0,246	0,116	0,164
Extremadura	0,119	0,065	0,414	0,149	0,267
Galicia	0,103	0,031	0,226	0,113	0,152
Madrid	0,099	0,020	0,181	0,121	0,129
Murcia	0,097	0,045	0,226	0,117	0,153
Navarra	0,112	0,010	-	0,051	-
País Vasco	0,112	0,012	-	0,149	-
A Ríoxa	0,102	0,012	0,188	0,094	0,129
Ceuta e Melilla	0,144	0,076	-	0,186	-
Total	0,109	0,033	0,268	0,124	0,178

(1) refírese á porcentaxe de persoas que se estima que non sobrevivirán ata os 60 anos

(2) refírese á porcentaxe de adultos que son funcionalmente analfabetos

(3) refírese á porcentaxe de persoas que viven por debaixo do límite da pobreza

(4) refírese á taxa de desemprego a longo prazo (12 meses ou máis) da poboación en idade activa

Fonte: Somarriba, N. e López, A.J. *Desarrollo humano y calidad de vida: aproximación para las regiones españolas* (XIV Reunión Asepelt-España, junio de 2000)

CADRO 5.4.14.

Índice de Desenvolvemento Humano nas CC.AA. relativo ó xénero 1995

	Índice de esperanza de vida	Nivel educacional	Nivel de vida	Índice de Desenvolvemento Relativo ó Xénero
Andalucía	0,865	0,825	0,710	0,800
Aragón	0,895	0,851	0,782	0,843
Asturias	0,871	0,907	0,741	0,840
Baleares	0,869	0,828	0,828	0,842
Canarias	0,872	0,846	0,785	0,834
Cantabria	0,885	0,864	0,790	0,846
Castela e León	0,906	0,861	0,755	0,840
Castela- A Mancha	0,891	0,818	0,719	0,809
Cataluña	0,887	0,839	0,815	0,847
C. Valenciana	0,870	0,832	0,765	0,823
Extremadura	0,882	0,816	0,693	0,797
Galicia	0,879	0,856	0,742	0,826
Madrid	0,898	0,852	0,817	0,856
Murcia	0,874	0,834	0,736	0,815
Navarra	0,900	0,838	-	-
País Vasco	0,884	0,873	-	-
A Ríoxa	0,890	0,865	0,785	0,847
Ceuta e Melilla	0,838	0,771	-	-
Total	0,882	0,842	0,759	0,828

Fonte: Somarriba, N. e López, A.J. *Desarrollo humano y calidad de vida: aproximación para las regiones españolas* (XIV Reunión Asepelt-España, junio de 2000)

longo prazo –12 meses ou máis- da poboación en idade activa).

O IPH constitúe un índice complementario do IDH. As Nacións Unidas calculan dous tipos de IPH, o IPH-2 utilízase para países industrializados. Este índice é o utilizado para España. No **cadro 5.4.13**, aparecen os IPH das comunidades autónomas e os seus compoñentes. Galicia ocupa o posto número 6 respecto do conxunto das comunidades autónomas, cun Índice de Pobreza Humana do 0,152. O IDH e o IPH presentan coincidencias, dado que, en xeral, niveis elevados de desenvolvemento humano conlevan niveis baixos de pobreza humana. Non obstante, en Galicia e en Baleares esta relación non se presenta.

O **Índice de Desenvolvemento relativo o Xénero (IDX)** obtense como resultado de realizar un axuste ó IDH, incorporando a desigualdade entre sexos. Calcúlase coas mesmas variables do IDH con indicadores diferenciados por sexos e realizando axustes en función da disparidade entre homes e mulleres. No caso que non existiran desigualdades por sexos, o IDX coincidiría exactamente co IDH.

No **cadro 5.4.14**, aparecen os IDX das comunidades autónoma e os seus compoñentes. Galicia ocupa o posto número 10 respecto do conxunto das comunidades autónomas, cun Índice de Desenvolvemento relativo o Xénero do 0,826. Galicia, Cantabria e Canarias presentan desigualdades de xénero discretas, sendo Castilla-A Mancha a que máis desigualdade de xénero presenta. ■